Colaborará co profesorado que imparte a área de plástica nas seccións e unha hora en cada un dos 6º como reforzo na expresión oral.

FUNCIÓNS DO POSTO DE PORTEIRO-VIXIANTE (TRABALLADOR MUNICIPAL)

- Apertura e peche das instalacións dentro do horario laboral.

- Realización de tarefas de mantemento.

DITAS FUNCIONS VEÑEN REFLEXADAS NA “GUÍA TÉCNICA DE MANTEMENTO” DE NOVEMBRO DO 2009 DA UNIDADE TÉCNICA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE VIGO

FUNCÍONS DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA. (Xefatura Territorial. Educación)

- Tramitación de expedientes escolares (altas, baixas, seguimento e arquivo)
- Información e atención ao público, tanto presencial como telefónica.
- Xestión de arquivos e documentación académica.
- Manexo de todas as aplicacións informáticas de educación.
- Grabación e mantemento das bases de datos relativas ao alumnado.
- Funciones de apoio ao Equipo directivo do centro.

LIMPADORAS

A limpeza do centro rexerese polo prego de clausulas administrativas para a contratación dos servizos de limpeza de colexios e escolas públicas do Concello de Vigo.

PERSOAL COMEDOR

O persoal de comedor rexerese polo prego de clausulas administrativas para a contratación dos servizo de Comedores Escolares da Consellería de Cultura, educación e OU

17. Horario de atención ao público

O horario de secretaría é de 9:00 a 11:15 e de 11:45 a 14:00 h.

18. Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia.

A organización das relacións da comunidade coas familias queda recollido nos seguintes aspectos.

CHARLA CON PORTAS ABERTAS EN FEBREIRO:

Apertura de portas para dar a coñecer mellor o colexio Fleming dirixida ás familias do alumnado do EEI Vilalaura, onde se comentan os servizos que ofrece o centro, se fala dos espazos, actividades complementarias e extraescolares... nunha presentación, e logo dos rogos e preguntas se fai un percorrido polo colexio para que vexan as aulas onde van estar os seus fillos e fillas.

REUNIÓNS DE INICIO DE CURSO/ PLAN DE ACOLLIDA DAS FAMILIAS:

Os primeiros días antes do inicio do curso aproveitouse a canle da web para facer chegar ás familias as novas da organización do inicio de curso. Adiántanse as reunión xerais coas familias para lembrar os aspectos máis importantes, as normas básicas para ter unha boa comunicación familias-colexio, funcionamento das entradas, saídas, faltas...

CURSO	DATA	HORA	LUGAR
1º	19/09/2023	17:00 TITORES E ESPECIALISTAS	USOS MÚLTIPLES
2º	19/09/2023	16:00 TITORES E ESPECIALISTAS	USOS MÚLTIPLES
3º	26/09/2023	17:00 ESPECIALISTAS 17:30 TITORES	USOS MÚLTIPLES AULAS
4º	26/09/2023	16:30 ESPECIALISTAS 17:00 TITORES	USOS MÚLTIPLES AULAS
5º	26/09/2023	16:00 ESPECIALISTAS 16:30 TITORES	USOS MÚLTIPLES AULAS
6º	19/09/2023	18:00 ESPECIALISTAS 18:30 TITORES	USOS MÚLTIPLES AULAS

Comenzan nunhas dependencias de maior aforo, usos múltiples para que poidan falar de xeito conxunto os mestres especialistas que imparten neses grupos e logo pasan co profesorado titor ás aulas ordinarias do alumnado.

19. Regulamento da organización do comedor

Instrucións e Regulamento para o funcionamento do servizo de Comedor Escolar no CEP Dr Fleming de Vigo durante o curso 2023 - 2024

OBXECTO

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, desenvolve unha destacada tarefa social, conciliadora da vida educativa e familiar coa laboral. Ademais trata de minimizar a incidencia que os factores económicos, sociais ou de calquera outra índole teñen no dereito á educación constitucionalmente recoñecido.

O comedor escolar, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do noso centro educativo desde as súas orixes, de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro.

NORMATIVA DE REFERENCIA

*Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG do 13), polo que se regula o funcionamento dos comedores escolares nos centros públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

*INSTRUCCIÓN 8/2017, do 30 de maio de 2017, conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se regulan as funcións a desenvolver polos cuidadores de NEES nos comedores escolares existentes nos centros de ensino público.

*INSTRUCCIÓN 3/2023, da secretaría xeral técnica da Consellería De Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión

indirecta no curso escolar 2023-2024.

MODALIDADE

No curso 2023-2024 o servizo de comedor do Centro axústase á modalidade c) das contempladas no artigo 2 da Orde do 21 de febreiro de 2007. Isto é, contratación da subministración ou da elaboración de comidas nas dependencias do centro a cargo dunha empresa do sector hostaleiro a quen lle adxudique o servizo a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Este curso escolar foi adxudicada unha nova empresa.

HORARIO E DURACIÓN

A prestación do servizo de comedor coincidirá co calendario lectivo aprobado polo Consello Escolar para o alumnado do CEP Dr. Fleming, en horario de 14:00 a 15:55 h. Incluirá os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de lecer anterior e posterior ao mesmo.

PRAZAS

No actual curso escolar, temos a oferta de 335 prazas para alumnado escolarizado no CEP Dr. Fleming.

USUARIOS

Para ter a consideración de usuario do servizo de comedor o alumnado deberá estar escolarizado no Centro segundo a distribución das áreas de influencia establecidas pola Administración Educativa, agás nos casos de escolarización forzosa.

O alumnado escolarizado no curso anterior fóra de área de influencia, a partir do curso seguinte consolídase nunha situación similar á dos escolarizados con carácter forzoso en centros distintos aos que lles correspondería por área de influencia.

No caso de existiren prazas dispoñibles, poderán acceder ao servizo de comedor escolar:

- A. Alumnado escolarizado no centro procedente de fóra da área de influencia que conte coa autorización da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- B. Persoal encargado da atención do alumnado de comedor, independentemente da súa categoría e relación de emprego.

1.- Selección e admisión de usuarios

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2022-2023, de xeito que, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar, no marco establecido polo artigo 4 do Decreto 132/2013, revisará e baremará a totalidade das ditas solicitudes, avaliándoas, segundo dispón

o artigo 7.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007, de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
 2. Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar. (Non existente no centro)
 3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
 4. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto. A asimilación ao descendente do fillo ou filla concibido ou concibida y non nacido ou nacida acreditarase mediante o carné familiar galego, e terá efectos unicamente dentro da comunidade autónoma de Galicia, artigo 12 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia
 5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación: informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público; certificación da empresa, xustificativa da duración de xornada e o horario de traballo; certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia.
 6. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense aos escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.
 7. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado. As listas provisionais de admitidos ao comedor escolar e as listas de reserva elaboradas polo Consello Escolar expóranse, de acordo co disposto no Regulamento 2016/678 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos, con referencia exclusiva aos nomes e apelidos dos usuarios e a posición ocupada nesas listas nos taboleiros de anuncios dos centros, abríndose de seguido un prazo non inferior a 5 días para presentación de alegacións.
- Unha vez resoltas as alegacións polo Consello Escolar de cada centro, o antedito órgano aprobará con carácter definitivo a lista dos admitidos e a lista da reserva, que volverá a ser exposto no centro, para o efecto de que, no seu caso, se deduzan os oportunos recursos de alzada ante as Xefaturas Territoriais da consellería.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas

debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 10h do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días

CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR

A decisión sobre a exclusión temporal ou definitiva do servizo de comedor é competencia do Consello Escolar do Centro. A súa comunicación será realizada polo presidente do devandito órgano aos interesados, que poderán presentar alegacións no prazo de cinco días hábiles, dirixidas ao presidente do Consello Escolar. Logo de estudo comunicarase a resolución definitiva no prazo máximo de cinco días.

Exclusión definitiva

Os incumprimentos no pagamento dos prezos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para o cal contarase cun prazo máximo de dous meses, pasado este prazo producirase a perda da praza.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes non fagan uso do citado servizo, causarán automaticamente baixa, agás causas debidamente xustificadas ante a dirección.

Así mesmo será motivo de baixa no servizo a falsidade nos datos que figuran na solicitude ou nos xustificantes que se acheguen cando os mesmos favorezan a obtención dunha praza no servizo.

No caso de exclusión definitiva disporase da praza para ofertala, se é o caso, ao alumnado interesado no servizo.

Exclusión Temporal

Poderán considerarse causas de exclusión temporal as seguintes:

- ✓ Reiteración en incidencias de comportamento inadecuado, debidamente documentadas.
- ✓ Reiteración no incumprimento da obriga de facerse cargo da recollida do usuario no horario previsto.
- ✓ Incumprimento da normativa xeral do Centro, especialmente a relacionada co respecto aos demais usuarios e ao persoal do comedor.
- ✓ Negativa a asumir os gastos ocasionados polos usuarios como consecuencia do mal uso das instalacións e/ou dos utensilios postos á súa disposición.
- ✓ Calquera outra que a persoa responsable do comedor considere contraria á dimensión educativa e integradora do servizo.

TIPIFICACIÓN DOS COMENSAIS

Os usuarios do comedor escolar deberán escoller algunha das modalidades seguintes na forma de acceso ao servizo:

- ✓ **Fixa:** Cando se solicite o servizo de comedor para tódolos días lectivos.
- ✓ **Fixa descontinua:** Cando se solicite para todo o curso lectivo pero só para determinados días fixos da semana. Esta modalidade só será posible cando se soliciten entre dous e catro días fixos á semana.
- ✓ **Esporádico:** Cando se solicite o servizo ocasionalmente. Esta modalidade só será posible cando haxa prazas dispoñibles no mesmo, e deberá presentase con antelación toda a documentación para que poida ser contabilizado e facturado dende a aplicación de Xestión de comedores escolares da Consellería.

O cambio de modalidade só será autorizado, en función da dispoñibilidade de prazas, por meses completos e cando sexa solicitado cunha antelación mínima de dez días ao inicio do mes que corresponda. No primeiro mes do curso (setembro) non poderán realizarse ampliacións nos días solicitados en xuño.

PREZO DO COMEDOR

O importe que deberán aboar os usuarios que non teñan gratuidade total do servizo de comedor escolar será o resultante de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes.

Os usuarios deberán comunicar aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima dun día.

O ingreso mensual dos importes a pagar por cada usuario deberá efectualo na conta corrente que para o efecto indique a entidade mercantil adxudicataria do contrato de comedor unha vez que o Centro lle certifique a relación nominal de usuarios e, de ser o caso, as reducións de prezo que correspondan.

Usuarios gratuítos do servizo

Serán usuarios gratuítos do servizo de comedor escolar os seguintes:

- alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- alumnado que se atope en situación de acollemento residencial ou familiar.
- alumnado cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 %.
- alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- alumnado pertencente a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000,00 €.
- O persoal de cociña os durante os días de desempeño efectivo do seu traballo.
- Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior ao mesmo, atendan aos alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.
- O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con

responsabilidades na organización de comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.

REGULAMENTO PARTICULAR DO SERVIZO

- As faltas de asistencia serán comunicadas antes das 10:00 h do día que non faga uso do servizo. En caso contrario non será admitida a xustificación.
- O control dos comensais comeza no punto de encontro fixado para os distintos cursos.
- O servizo de comedor remata ás 15:55h. A partir desta hora os representantes legais faranse cargo dos seus fillos/as.
- **No período indicado (14:00 a 15:55 h.) os escolares non poderán ausentarse do centro antes da hora prevista para a saída, agás que os seus responsables así o comuniquen de xeito motivado no centro, e recollan o alumnado eles mesmos ou persoas autorizadas.**

Ler o resumo no punto 14.- INSTRUCCIÓN CONXUNTA 9/2017 destas instrucións.

- A recollida do alumnado efectuarase exclusivamente nos patios ou lugares destinados ao tempo de lecer despois da comida, non estando permitido o acceso a outras zonas do servizo, agás coa autorización da persoa responsable do comedor.
- Pequenas faltas leves acumuladas constitúen falta grave. As faltas graves serán rexistradas polo persoal de atención ao alumnado e trasladadas á persoa responsable do comedor, quen dará trámite á comisión de seguimento do servizo e iniciará as medidas que considere convenientes.
- Os danos causados polos comensais serán aboados polos representantes legais dos mesmos.
- As condicións especiais dos comensais especificaranse expresamente nas solicitudes de praza. No caso de dietas deberá presentarse certificado médico no que se especifique o tipo de dieta necesaria (celíaca, lactosa,...). No caso de dietas complicadas os pais poderán pórse en contacto directamente coa persoa responsable do comedor para informarse ou pedir unha rectificación do menú. En caso de enfermidade sobrevinda (gastroenterite...) non fará falla certificado médico e se solicitará a dieta branda.
- A instrución 8/2017 do 30 de maio do 2017 recolle a conveniencia e idoneidade de que o **coidador e o coidado xanten xuntos**, minimizando di os riscos inherentes á dita actividade á vez que afondan na desexable relación de complicidade entre ambos os dous durante as diferentes actividades desenvolvidas con ocasión da comida.

A solicitude do servizo supón o coñecemento e a aceptación expresa de tódolos apartados recollidos no presente regulamento.

ATRIBUCIÓN E RESPONSABILIDADES INHERENTES AO SERVIZO

Consello Escolar

- ✓ Proponer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da delegación provincial

correspondente, a solicitude de apertura e funcionamento do servizo de comedor escolar.

- ✓ Aprobar dentro da normativa vixente un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante da regulamentación do centro.
- ✓ Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos.
- ✓ Decidir sobre a perda de praza dun usuario por incumprimento no pagamento do servizo.
- ✓ Establecer as medidas disciplinarias que se deriven de faltas graves dos usuarios.
- ✓ Aprobar o plan de actividades educativas e recreativas que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
- ✓ Propoñer a relación de alumnado de fóra de zona, de acordo co baremo establecido neste regulamento, para que a Secretaría Xeral Técnica da Consellería autorice o seu acceso ao servizo de comedor escolar.

Responsable do comedor

A persoa responsable do servizo de comedor será a mesma que exerza a Dirección do Centro. Esta persoa desenvolverá as seguintes funcións:

- ✓ Elaborar co Equipo Directivo, e de acordo coa comisión de convivencia un protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.
- ✓ Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar, se é o caso, co visto e praxe do Consello Escolar ao persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
- ✓ Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo Centro.
- ✓ Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o bo funcionamento do servizo.
- ✓ Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.
- ✓ Facer as contratacións de subministración, se fora o caso, de acordo coa lexislación vixente.
- ✓ Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
- ✓ Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ✓ Establecer as medidas disciplinarias que se deriven de faltas leves dos usuarios.
- ✓ Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

Persoal de atención ao alumnado

As tarefas de colaboración están incluídas no contrato suscrito pola Consellería de Educación coa empresa adxudicataria do servizo, quen acreditará a idoneidade profesional do persoal que destine ás referidas funcións, con pleno respecto ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

O persoal, docente ou non, que participe voluntariamente na tarefa de atención ao alumnado no servizo

de comedor escolar non poderá abandonala, a non ser por causa xustificada, e sempre con coñecemento e autorización da persoa responsable do comedor.

O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

- ✓ Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.
- ✓ Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval do comedor.
- ✓ Axudar aos alumnos e ás alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
- ✓ Informar o equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.
- ✓ Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.

En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentárase a colaboración do alumnado a partir de 5º de primaria, sen que iso supoña, a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da atención no devandito servizo.

Persoal contratado pola empresa para o servizo

Será competencia do persoal do servizo de comedor as seguintes funcións, acordadas coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:

- ✓ Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado.
- ✓ Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.
- ✓ Servizo de atención aos usuarios tanto no comedor coma no tempo de lecer (antes e despois das comidas).
- ✓ Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.
- ✓ Informar ao encargado designado pola empresa encargada do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo, Cando sexa considerado necesario, o devandito encargado informará ao responsable do servizo de comedor.

- ✓ Colaborar no seguimento dos protocolos de seguraza e hixiene e de riscos laborais.
- ✓ Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS

A persoa que ocupe o cargo da dirección ou aquela en quen delegue a presenza física no servizo de comedor, terá dereito a percibir un complemento por servizos extraordinarios, abonado pola Consellería de Educación, de 12,50 euros por día de asistencia.

Tamén percibirán un complemento abonado pola Consellería de Educación, de 12,50 euros por día de asistencia, o persoal do centro cando a vixilancia do alumnado usuario de comedor sexa cuberta integramente por este persoal de xeito voluntario.

A empresa adxudicataria do servizo responsabilizarase da asignación económica do persoal de atención ao alumnado designado pola mesma.

14.- INSTRUCCIÓN CONXUNTA 9/2017, coas recomendacións sobre a saída do alumnado. Segundo **instrución conxunta 9/2017 sa Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos**, pola que se establecen **recomendacións sobre a saída dos alumnos/as** escolarizados nos centros educativos públicos da comunidade autónoma galega ao remate do horario lectivo e sobre a recollida deles nas paradas establecidas no transporte escolar.

1º. RECOMENDACIÓNS APLICABLES A ALUMNADO DE 1º, 2º, 3º E 4º EDUCACIÓN PRIMARIA. RECOLLIDA AO REMATAR AS CLASES, COMEDOR OU SAÍDAS.

- ✓O alumnado será recollido nas instalacións do centro educativo polas persoas identificadas como responsables no horario fixado.
- ✓Poderase autorizar formal e expresamente a outra persoa adulta ou a un irmán/á que curse 5º, 6º Educación Primaria ou ESO a recoller aos pequenos, cubrindo unha ficha cos datos persoais da persoa autorizada e entregando no centro de ensino.
- ✓No suposto de pais e nais separados ou divorciados, seguirase as determinacións previstas na sentenza xudicial, convenio regulador ou acordo provisional que terán que presentar no colexio.
- ✓O alumnado permanecerá custodiado no centro o tempo que en cada caso se considere prudencial, a partir do horario de recollida fixado. Os responsables da recollida dos nenos/as terán obriga de comunicar ao centro calquera demora que poidan sufrir, de non contactar con eles nun período de 15 minutos, remitirase á Policía Local ou Garda Civil.

- En todo caso, os escolares non poderán ausentarse do centro antes da hora prevista para as distintas

saídas, agás que os seus responsables así o comuniquen de xeito motivado no centro, e recollan o alumnado eles mesmos ou persoas autorizadas.

2º. RECOMENDACIÓN APLICABLES A ALUMNADO DE 5º E 6º EDUCACIÓN PRIMARIA E ESO. RECOLLIDA AO REMATAR AS CLASES, COMEDOR OU SAÍDAS.

- Os escolares poderán saír no horario previsto, sós do colexio, sempre que os seus pais, nais ou titores legais, presenten ante a Dirección do centro unha autorización expresa ao respecto, eximindo a Consellería de calquera responsabilidade, por danos ou lesións indemnizables que poidan sufrir os escolares. Modelos na secretaría do colexio.

20.- Plan de utilización das instalacións do centro

A maior parte das instalacións do centro está formada polas aulas ordinarias do alumnado, outros son espazos específicos de materia como a aula de música ou educación física, e o resto titorías ou despachos.

No cadro inferior aparecen as dependencias empregadas e o nome do profesorado que máis a ocupa.

Uso dos espazos polos especialistas de EF 23-24

USO ESPAZOS E.F.	Horas	LUNS		MARTES		MÉRCORES		XOVES		VENRES		
	1	4ºD	5ºA	1ºB	3ºC	6ºD	1ºD	5ºB	3ºA		4ºA	
	2	2ºD	5ºB	3ºA	6ºA	4ºC	1ºA	6ºB		6ºC	4ºB	
	3	6ºA	3ºB	5ºD	4ºC	5ºC	4ºD	3ºC	1ºC	1ºA	5ºC	
	RECREO											
	HORA LER											
	4	1ºD	3ºD	2ºC	6ºD	2ºB	6ºC	3ºD	2ºC	3ºB	1ºB	
5	2ºA	6ºB	4ºB	2ºB	4ºA	2ºA	5ºA	2ºD	1ºC	5ºD		

Uso dos espazos polos especialistas de música 23-24

AULA DE MÚSICA	Horas	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	9:00-9:50		5ºA	1ºC	2ºC	5ºC
	9:50-10:40	1ºB	5ºB	3ºB	3ºC	4ºD
	10:40-11:30	2ºB	1ºA	6ºA	3ºD	4ºC
	11:30-11:55	RECREO				
	11:55-12:20	HORA LER				
	12:20-13:10	4ºB	1ºD	4ºA	6ºC	6ºD
	13:10-14:00	5ºD	3ºA	6ºB	2ºA	2ºD

21. Plan de actividades propostas pola ANPA (extraescolares)

	UBICACIÓN	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
08:00 - 09:00	Múltiples	MATINAL	MATINAL	MATINAL	MATINAL	MATINAL
16:00 - 17:00	Patio 1	SKATE / MULTID	PATINAJE	MULTIDEPORTE	PATINAJE	ATLETISMO
	Patio 2	BALONCESTO	FUTBOL	BALONCESTO	FUTBOL	
	Patio 3	BALONCESTO	FUTBOL	BALONCESTO	FUTBOL	
	Ximnasio	B. MODERNO	B. GALLEGO	IUDO	B. GALLEGO	ACROBATICA
	Múltiples				TEATRO I	TEATRO II
	Informática					
	Aula 1	FRANCES I			FRANCES II	
	Aula 2	PINTURA	ILUSTRACION	PINTURA	COMIC	PINTURA
	Aula 3	INGLES 1&2			ROBÓTICA I	ROBÓTICA II
	Aula 4				INGLES 3&4	
	Aula 5				INGLES 5&6	
	Aula 6					
	Aula 7	DEBERES	DEBERES	DEBERES	DEBERES	DEBERES
Aula 8						
17:00 - 18:00	Patio 1	SKATE	PATINAJE		PATINAJE	ATLETISMO
	Patio 2		FUTBOL		FUTBOL	
	Patio 3		FUTBOL		FUTBOL	
	Ximnasio	B. MODERNO		IUDO		ACROBATICA
	Múltiples				TEATRO I	TEATRO II
	Informática					
	Aula 1				INGLES 3&4	
	Aula 2		ILUSTRACION		INGLES 5&6	
Aula 3				ROBÓTICA I	ROBÓTICA II	
18:00 - 20:00	Patio 2		FUTBOL		FUTBOL	
	Patio 3		FUTBOL		FUTBOL	

22. Plan xeral de avaliación do centro.

Na lexislación consolidada da LOMCE no seu Artigo 145. Avaliación dos centros.

1. Poderán as Administracións educativas, no marco das súas competencias, elaborar e realizar plans de avaliación dos centros educativos, que tendrán en conta as situacións socioeconómicas e culturais das familias e alumnos que acollen, o entorno do propio centro e os recursos de que dispón. 2. As Administracións educativas apoiarán e facilitarán a autoavaliación dos centros educativos.

O Plan xeral de avaliación do centro, seguirá o recollido no programa de Dirección e despregarase

mediante os correspondentes Plans Anuais.

Mantemos as pautas de traballo e avaliación interna de calidade de anos anteriores. Os datos para estas avaliacións saen:

- Do seguimento da PXA por parte dos seus responsables.
- Acordos resultantes da comunicación continua cos centros adscritos. EEI Vilalaura e IES do Castro.
- Memoria anual.
- Recollida de datos de opinión: a man alzada ou mediante enquisas de opinión, suxestións, queixas e reclamacións.

AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

1º AVAL.	luns 11/12 de 1ºciclo e 5º Martes 12/12 de 2º ciclo e 6º	69	Boletíns 21/12
2º AVAL.	Luns 11/03 de 2º ciclo e 6º Martes 12/03 de 1ºciclo e 5º	58	Boletíns 22/03
3º AVAL.	Luns 24/06 de 1ºciclo e 5º Martes 25/06 de 2º ciclo e 6º	56	Boletíns 25/06

CRITERIOS DE PROMOCIÓN:

O alumnado NON promocionará ao curso seguinte se ten suspenso:

- 2 materias instrumentais (matemáticas, lingua galega, lingua castelá)
- 3 materias calquera.

Decreto 105/2014

23.- Programas ou plans anuais de lectura (tendo como referente o proxecto lector do centro)

ANEXO III: Plan anual de lectura e liñas da actuación da biblioteca escolar. Equipo de biblioteca: **Responsable Laura Comesaña Pena**

24.- Addenda do proxecto lingüístico (art. 14.4 do Decreto 79/2010 do 20 de maio)

ANEXO IV: Addenda.

25.- Está constituído o equipo de dinamización da lingua galega Está constituído o equipo de lingua galega con **María Salinas** de coordinadora.

26.- Actividades que se van a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega. Ver no ANEXO IV

Decreto 229/2011 (Art 11.4 e 11.5)

27.- Concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade

ANEXO V: Plan de Orientación e Plan Anual do DO.

Decreto 8/2015 (Art. 11.5)

28.- Concreción anual do plan de convivencia

ANEXO VI: Plan de convivencia e Plan accións benestar.



DOCUMENTOS

ANEXOS

ANEXO I: Plan de actuación do equipo directivo e cadro do horario lectivo do profesorado titor e especialista.

ANEXO II: Plan de evacuación.

ANEXO III: Plan anual de lectura e liñas da actuación da biblioteca escolar.

ANEXO IV: Proxecto lingüístico. Addenda. /Seccións. ANEXO V:

Plan de Orientación e Plan Anual do DO.

ANEXO VI: Plan de convivencia e Plan Accións de benestar.

ANEXO VII: Plan TIC

ANEXO VIII: Calendario escolar cos días acordados non lectivos.

ANEXO I: OBXECTIVOS PRIORITARIOS DO EQUIPO DIRECTIVO PARA O CURSO 2023-2024

PLAN ANUAL. CURSO 2023/2024

OBXECTIVOS	ACCIÓNS	RESPONSABLE	CONSECUCIÓN
MELLORA DAS CONDICIÓNS FÍSICAS DO CENTRO. INFRAESTRUTURAS.	Mantemento das infraestruturas.	Directora	
	Eliminación anual das malas herbas do muro da rúa Ourense.	Eq Directivo	
	Continuar coa pintura no exterior, continuar na medida do posible cos plans conxuntos familia-centro de mellora dos patios		
	Conseguir as cubertas do patio 2 para que nos recreos de chuva poidamos ter o alumnado fora sen mollarse.	Directora Eq Directivo	
	Aproveitamento do polideportivo de Romil. Conseguir un espazo axeitado na instalación deportiva de Romil.	Eq.Directivo Profesorado	
MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CENTRO. MATERIAL E SERVIZOS. ACTUALIZACIÓN DE EQUIPAMENTO DO COMEDOR.	Manter e actualizar na medida do posible o equipamento informático do colexio coa colaboración dos distintos equipos xestores.	Directora	
	Manter o equipamento Abalar para que poida ser aproveitado ao máximo.	Secretaria Equipo TIC	
	Manter da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación o máximo das prazas de comedor para satisfacer a demanda das familias.	Equipo Directivo	
	Mellora das instalacións e equipamentos da cociña. Actualizar o equipamento e mellorar a elaboración dos menús diarios uns 900, así como a reposición de menaxe e pequenas tarteiras para os menús intolerantes e alérxicos.	Directora ASecretaria	
	Mantemento e reparacións do equipamento da cociña, temas eléctricos e de fontanería.		
POTENCIACIÓN DA ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO.	Consolidar o actual catálogo de liña catro. Neste momento o ideal sería ter todas as aulas a 20 alumnos o alumnas.	Eq Directivo	

EXERCER A DIRECCIÓN PEDAGÓXICA, PROMOVER A INNOVACIÓN EDUCATIVA E IMPULSAR PLANS PARA A CONSECUCIÓN DOS FINS DO PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO.	Favorecer e potenciar o desenvolvemento do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.	Eq Directivo Eq biblioteca	
	Mellorar o gusto pola lingua propia da comunidade, o galego, e propor espazos, tempos, actividades para mellorar a súa expresión oral.	Equipo Directivo	
	Potenciar o uso do inglés, manter as seccións bilingües, tentando de chegar as máis posibles segundo o acordo do claustro. Manter o auxiliar de conversa.	Equipo Directivo Profesorado inglés Claustro	
	Avanzar no plan de convivencia, continuando coa "titoría entre iguais" para traballar xuntos para lograr a tolerancia cero nos aspectos de violencia e acoso escolar, iniciando neste curso unha escola de pais-nais para ir acordando/traballando en temas de interese. Por en marcha un Plan de benestar.	Eq Directivo Equipo de convivencia Claustro	
	Conseguir unha boa competencia en TIC aproveitando o equipamento Abalar e a aula de informática. Posta en marcha da aula virtual do centro. Desdobre de grupos para favorecer o traballo en Polos Creativos.	Profesorado	
	Mellorar a calidade mantendo un sistema de control interno efectivo. Potenciar a xestión e supervisión do profesorado responsable e coordinador, na realización das tarefas aprobadas nesta PXA.	Directora Equipo Directivo	
	Promover a formación do profesorado tendo en conta os principios pedagóxicos que se establecen na LOMLOE.	Directora Equipo Directivo	
FOMENTAR A IMPLICACIÓN NO FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE TODOS OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA.	Promover a realización e participación en avaliacións internas e externas do funcionamento do Centro.	Profesorado	
	Dinamizar a revisión e nova redacción dos documentos de organización e xestión do Centro, para podelos actualizar á nova lexislación vixente.	Equipo Directivo	
	Ter actualizada a web para ter convenientemente informadas ás familias. Axudas, programacións, menú comedor, blog de traballo de aula...	Directora Equipo Directivo	
	Buscar Proxectos Erasmus Plus que resulten de interese para o Centro e se procede solicitar a adhesión a algún deles.	Equipo Directivo Profesorado inglés	
	Promover a participación da ANPA en todas aquelas accións que poidan axudar a mellorar as condicións infraestructuras, actividades do Centro, dende a confianza a lealdade e a participación dos distintos sectores, para mellorar a educación e tempo de deporte e lecer do alumnado.	Equipo Directivo	
	Manter e potenciar, na medida do posible, as relacións cos centros da zona educativa (EEI Vila Laura e IES do Castro).	Equipo Directivo	

	Establecer mecanismos de colaboración con outros organismos ou entidades para o apoio no desenvolvemento de temas de interese para a comunidade educativa do Centro.	Directora Equipo Directivo	
--	--	----------------------------------	--

PROFESORADO FÓRA DA TITORÍA 2023-2024

MESTRE/A	TITURIA	LUNS					MARTES					MÉRCORES					XOVES					VENRES				
		S	S	1ª	1ª	1ª	S	S	S	1ª	1ª	S	S	S	GC	1ª	S	S	S	1ª	1ª	S	S	S	1ª	1ª
LORENA	1ªA	S	S	1ª	1ª	1ª	S	S	S	1ª	1ª	S	S	S	GC	1ª	S	S	S	1ª	1ª	S	S	S	1ª	1ª
BEGOÑA	1ªB		GM				GEF			AP 1ª						AP 1ªD					GC					G
PILI M	1ªC				GC ING				COOR ING					COOR MS						COOR						D.O.
PABLO	1ªD				G					AP 1ªC		G								AP 1ªB				GC		G
ELVIRA	2ªA					GC EF					COOR ING				G						G					G
SALI	2ªB			AP 2ªA							GC EF	AP 2ªA		G						G				G		
MABEL	2ªC					G			GC ING	G			AP 2ªB			G			AP 2ªB							
INÉS	2ªD		G						G						AP 2ªC			AP 2ªC						G ING	GC MS	
PILI G	3ªA				G				AP 3ªD		G	G						AP 3ªD						GC ING		
PILI R	3ªB	COOR D								G			GC					COOR						COOR	D.O.	
SANTIAGO	3ªC					G	GC						AP 3ªA					AP 3ªA	G				G			
PILI B	3ªD			G	AP 3ªB					G		GC						AP 3ªB					G			
ISABEL	4ªA		G								G			AP 4ªB	G					AP 4ªB	GC					
BLANCA	4ªB				AP 4ªA				AP 4ªA		G		G						G				GC			
RAMÓN	4ªC		G						AP 3ªC					AP 3ªC					G				GC	G		
SINDI	4ªD	AP 4ªC		BIBL							BIBL		AP 4ªC					GC					G			
ANA M	5ªA	G		AP 5ªD					AP 5ªD				G							GC				G		
LUPE	5ªB		AP 5ªC			G			AP 5ªC					G					G				GC			
CHUS	5ªC	BIBL								AP 5ªB				BIBL					GC				AP 5ªB	G		
ALBA	5ªD					OORD		G	COOR D						GC									COOR D	D.O.	
MÓNICA	6ªA			AP 6ªD				G					G	GC				AP 6ªB			G					
MARÍA F	6ªB					G				AP 6ªC		G			AP 6ªC	GC	G									
ROSA E	6ªC		G	GC				G						AP 6ªA					AP 6ªA						G	
MARÍA S	6ªD					COOR D				GC				COOR D				G					COOR D	G		

MESTRE/A	ESPECIALIDADE	LUNS					MARTES					MÉRCORES					XOVES					VENRES					
ROSI	ING	G	4ªA	3ºD	3ªA	3ºC	4ªB	GC	3ªB	3ºD	4ªA	3ªA	3ºC	4ªB	AP 5ªB	G	3ªB	AP 4ªA	AP 5ªD	4ªB	4ªA	G	3ªC	3ºD	3ªA	3ªB	
BELÉN	ING	5ªC	6ªC	6ªA	G	6ºD	6ªC	5ªD	AP 5ªA	5ªC	6ªB	6ªB	6ªA	AP 3ªD	6ºD	5ªD	6ªB	6ºD	6ªA	5ªC	G	AP 6ªC	G	GC	5ªD	6ªC	
RAQUEL	ING	COOR	4ªC	4ªD	GC	2ªC	COOR	2ªD	2ªC	4ªD	2ªA	COOR	2ªB	2ªC	4ªC	2ªD	AP 4ªC	COOR	4ªD	AP 4ªD	2ªB	4ªC	COOR	2ªB	2ªD	2ªA	
CARMEN	ING	COOR	AP 6ªD	5ªA	1ªC	5ªB	G	1ªC	AP 6ªD	1ªB	GC	AP 3ªB	5ªA	5ªB	1ªA	1ªB	G	1ªA	1ªA	1ªD	1ªB	G	1ªD	5ªB	5ªA	1ªD	
PACO	EF	AP 1ªD	2ªD	G	1ªD	2ªA	1ªB	GC	G	2ªC	2ªBF	1ªDF	1ªA F	AP 1ªA	2ªB	2ªAF	GP	AP 1ªC	1ªC F	2ªCF	2ªDF	CO OR	AP 1ªB	1ªA	1ªBF	1ªC	
PABLO	EF	4ªD	GC	3ªBF	3ªD F	AP 2ªB	3ªCF	3ªA	4ªCF	AP 2ªA	4ªB	3ªD	AP 2ªC	4ªD F	G	4ªA	3ªAF	GB	3ªC	4ªC	G	4ªA F	4ªBF	AP 2ªD	3ªB	G	
SUSO	EF	5ªAF	5ªBF	6ªC	GB	6ªBF	G	6ªAF	5ªD	6ªD F	GC	AP 5ªA	G	5ªC	6ªC	AP 5ªC	5ªB	6ªB	G	AP 5ªA	5ªA	6ªA	6ªD	5ªCF	AP 6ªA	5ªDF	
LAURA	EM	1ªA	1ªA	G	CO OR	COOR	1ªA	1ªA	GC	CO OR	3ªA	1ªA	3ªB	6ªA	COOR	6ªB	1ªA	3ªC	3ªD	6ªC	COOR	1ªA	1ªA	COOR	6ªD	COOR	
ELENA	EM	GB	1ªB	2ªB	4ªB	5ªD	5ªA	5ªB	1ªA	1ªD	G	1ªC	G	GC	4ªA	AP 3ªA	2ªC	GB	G	GB	2ªA	5ªC	4ªD	4ªC	AP 3ªC	2ªD	
MARIBEL	RE	GC	1ªD	1ªA	6ªA	6ªC																	G	1ªC	6ªD	6ªB	1ªB
CRIS	RE	AP 1ªB	5ªC	2ªA	4ªC	G	AP 1ªD	G	2ªB	3ªA	2ªD	AP 4ªB	3ªD	5ªA	3ªB	GC	AP 1ªC	G	4ªB	4ªA	5ªD	3ªC	AP 1ªA	2ªC	5ªB	4ªD	
TAMARA	RE	G	GC	5ªC	AP 2ªD	6ªC																	3ªC	AP 2ªD	2ªC	6ªB	G
ANA F	PT	PT	PT	PT	PT	PT	PT	PT	G	PT	PT	PT	PT	G	PT	PT	PT	GC	PT	G	PT	PT	PT	PT	PT	D.O.	
ROCÍO	PREF	COOR	4ªD	4ªD	4ªD	4ªD	4ªD	4ªD	4ªD	CO OR	4ªD	4ªD	4ªD	CO OR	4ªD	4ªD	4ªD	4ªD	CO OR	4ªD	4ªD	4ªD	COOR	4ªD	4ªD	D.O.	
HELEN	PT	X	PT	PT	CO NV	X	X	BNS	PT	PT	X	X	BNS	PT	PT	X	X	PT	PT	PT	GC	X	PT	CONV	CONV	D.O.	
TINA	PT	G	PT	PT	PT	PT	PT	PT	PT	G	PT	PT	PT	PT	G	PT	PT	PT	PT	PT	PT	PT	PT	GC	PT	D.O.	
NOELIA	AL	DR	DR	AL	DR	DR	DR	AL	AL	DR	DR	DR	DR	DR	DR	DR	DR	AL	AL	DR	DR	DR	DR	AL	DR	D.O.	
LUJÁN	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	OR	
JOSE	PREF	6ªB	6ªB	6ªB	6ªB	AP 3ªD	6ªB	6ªB	6ªB	6ªB	G	GC	6ªB	6ªB	6ªB	G	AP 3ªD	G	6ªB	6ªB	6ªB	6ªB	6ªB	6ªB	AP 3ªD	D.O.	
NEREA	AL	AL	AL	AL	AL	AL											AL	AL	AL	AL	AL	AL	AL	AL	AL	D.O.	

“PLAN DE FORMACIÓN 23-24 CEP Dr Fleming”.

A formación neste curso 2023-2024 vai estar organizada do seguinte xeito:

1.- INDIVIDUAL:

2.- GRUPAL INTERNA SEGUNDO NECESIDADES E/OU DEMANDA:

3.- GRUPAL INTERNA E EXTERNA:

Se presenta solicitude de formación de PFPP coa liña fundamental de mellora das competencias dixitais docentes.

Coordinador Francisco Amador Rentero



1.- INDIVIDUAL:

Segundo as necesidades individuais de cada profesional. Recolleranse as inquiredanzas e darase a información precisa para que poidan satisfacer os seus intereses persoais: Recordanse as direccións electrónicas e o xeito de acceder a webs como:

Formación profesorado.	https://www.edu.xunta.es/fprofe/paxinalnicio.do
Universidade de Vigo.	http://www.uvigo.es/
UNED. Formación do profesorado.	http://formacionpermanente.uned.es/
EOI Escola oficial de idiomas Vigo.	http://www.eoidevigo.org/
EPA Artes y oficios.	http://centros.edu.xunta.es/epapuarteseoficios/
Ensinanzas especiais e adultos.	http://www.edu.xunta.es/ea/
Platega.	http://www.edu.xunta.es/platega/login/index.php

2.- GRUPAL INTERNA SEGUNDO NECESIDADES E/OU DEMANDA:

Os cursos fixos neste curso académico 2023-2024 son os que aparecen debaixo por ser necesarios para actualizar e unificar estes aspectos con todo o profesorado.

Organización da sesión semanal de traballo do alumnado na Biblioteca. Uso das TIC e mando Koha.
Formación en Proens
Xestión da titoría co XADE/Abalarmobil
Formación para a autoprotección, simulacro.

C) GRUPAL INTERNA E EXTERNA:

Considérase formación externa a aquela na que a docencia será supervisada e asesorada polo CFR seguindo o seu propio protocolo de actuación (presentación, aceptación e seguimento do proxecto de formación en centros, actas no programa Fprofe...) e ademais interna, xa que esta formación incide tamén na formación interna do profesorado do centro, xa que libremente pode acudir aos relatorios que lles interesen.

SEGUIMIENTO DO PLAN.

O seguimento deste plan farase seguindo da seguinte maneira:

✓ **INDIVIDUAL:** Para valorar a inclusión do profesorado formado, como posibles relatores internos.

✓ **GRUPAL INTERNA SEGUNDO NECESIDADES E/OU DEMANDA:**

Se presentará un listado de profesores onde se asinará á asistencia.

Pasarase unha folla de recollida de datos para a valoración do profesorado participante. A eficacia valorarase na posta en marcha ou na práctica.

✓ **GRUPAL INTERNA E EXTERNA:**

Seguimento a través das actas e a recolla dos resúmenes das docencias recibidas. Que quedarán recollidas no FPROF segundo se vaian facendo.

Considérase tamén interna porque se invita a todo o profesorado a participar, aínda que non se lle recoñezan as horas de formación.

A RESPONSABLE DE FORMACIÓN SERÁ SENSIBLE AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DOS DIFERENTES PLANES E PROXECTOS QUE FUNCIONAN DO CENTRO, ASÍ COMO DAS PERSOAS QUE TEÑEN AO SEU CARGO A FORMACIÓN DOUTRAS PERSOAS:

Asdo: Noelia Mariño Baz.

A responsable

1.- CHAMADA DE ALARMA

- Activación dun **timbre de alarma** e do **timbre de emerxencia** (sinal de saída ao recreo) ou outro tipo de aviso.
- **ATENCIÓN:** Se hai un so tipo de sinal tratarase dunha falsa alarma.
- O porteiro abre as portas que vaian ser utilizadas, incluíndo as do patio.

2.- VÍAS DE EVACUACIÓN

Serán utilizados os dous tiros de escaleiras: vestíbulo (A) e secretaría (B), e as dúas portas de acceso habitual: a do 1º andar (A) e a do baixo (B).

Escaleiras do vestíbulo e saída polo 1º andar.

- Evacuarán por esta vía: 1º andar, 2º andar (aulas 202 ata 207), 3º andar (aulas 302 ata 307)
- Vías alternativas: usos múltiples e comedor.

Escaleiras de secretaría e saída polo baixo.

- Evacuarán por esta vía: baixo, 2º andar (aulas 210 ata 218), 3º andar (aulas 311 ata 319)
- Vías alternativas: comedor e ximnasio.

A evacuación iniciárase desde os andares inferiores ata os superiores. O responsable do terceiro andar dá aviso para baixar unha vez se remate no 2º andar.

3.- RESPONSABLES

- **Xefe de intervención e emerxencia (XIE):** Directora
- **Profesorado**

Cada profesor ou profesora responsabilízase do grupo no que estea nese momento. Comprobará o número de alumnos que ten na aula e as posibles ausencias da aula ou do colexio.

O alumnado que non estea co seu grupo incorporárase de inmediato ao mesmo, se non está no mesmo andar integrarase no grupo máis próximo ata chegar ao punto de encontro.

Os grupos que estean cun membro do equipo de evacuación incorporárase ao máis próximo para realizar a baixada.

- **Equipo de evacuación**

Responsables do baixo: profesor ou profesora na aula de música (porta vía B, aseos nenas); profesor no ximnasio (vía B, aseos nenos)

Responsables do 1º andar: **David** (porta vía A, aseos nenas); **Ana Caride** (vía B, aseos nenas)

Responsables do 2º andar: **Paula** (vía A, aseos nenas); **Noelia** (vía B, aseos nenos) **Responsables do 3º andar:** **Raquel** (vía A, aseos nenas); **Ana F/Tina** (vía B, aseos nenos)

Os membros do equipo de evacuación darán a orde de inicio das baixadas, comprobarán que saen todos os grupos, que as portas quedan pechadas e que non queda ninguén nos aseos. Cronometrarán o tempo de evacuación da súa zona (desde que soe o timbre de saída ata que estean no exterior) e comunicarán as incidencias ao XIE.

4.- ORGANIZACIÓN NAS AULAS

- Dar as instrucións con naturalidade, procurando non xerar alarma nin precipitación. Cada profesor/a terá prevista a organización da fila da súa aula, terá designado quen será o alumno ou alumna que encabece a saída.
- Lembrar que hai que pechar ventás e porta (alumn@ encargado) e non se pode volver atrás. O titor será o último en abandonar a aula, comprobará que está baleira, estado das fiestras e pechará a porta.
- Os grupos que estean nas aulas do baixo realizarán a saída con algún adulto que estea nese andar, no caso de que non haxa máis profesorado terá que ser un dos do equipo de evacuación.
- Os primeiros grupos en baixar son os do segundo andar e logo os do terceiro, segundo o plano adxunto. E serán encabezados polo profesorado que estea con eles, coa colaboración de aqueles outros que estean nese momento na sala de profesores.
- Insistirase en que as filas deben baixar ordenadas, sen mesturalas, en silencio, sen correr, ó carón da

parede e varanda e sen deterse ata a chegada aos puntos de encontro.


- No caso de que haxa algún grupo no comedor, utilizará a saída de emerxencia do mesmo.
- O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, **ANEAE**, que estea na aula ordinaria baixará co seu titor/a, coidadora ou profesor de apoio. Se estivese nas aulas PT/AL na medida do posible incorporárase ás filas de baixada para que os mestres responsables do plan poidan atender con rapidez as súas tarefas. Sería ideal darllo na man a un profesor que se fíxese cargo na baixada.
- Unha vez no punto de encontro a coidadora supervisará a situación dos **ANEAE**.

Nos puntos de encontro permanecerá cada grupo ordenado nunha ou dúas filas, facilitando a rápida identificación de todo o alumnado.

No caso de ausencia dalgunha persoa responsable da evacuación, asumirá as súas funcións o profesor ou profesora que estea co primeiro grupo en iniciar a evacuación. O que estea co último grupo deberá comprobar que non queda ninguén nos aseos da súa zona.

5.- PUNTOS DE ENCONTRO

Existirá un para cada nivel e localizaranse todos nos patios da R/ Ourense:



PATIO CUBERTO

O alumnado ou titores que non baixen co seu grupo deberán incorporarse ao mesmo en canto cheguen ao patio.

Insistirlle ao alumnado que non están no recreo. Manter a orde tamén no patio.

6.- REMATE DO EXERCICIO

Cada profesor comprobará que todo o alumnado do seu grupo chegou ao punto de encontro, comunicando as incidencias aos responsables de evacuación da súa zona.

A secretaria e maillo porteiro comprobarán se quedou alguén no edificio, se as portas e ventás foron pechadas e se houbo algún sinistro.



Os equipos de evacuación comunicará as incidencias ao XIE.



O XIE controlará o tempo de evacuación total e dará por terminado o exercicio, ordenando o regreso ás aulas comezando polos grupos de 1º curso.

Tempo máximo estimado: 30 minutos.

7.- INFORME DO SIMULACRO

Coa información recollida polos membros do equipo de evacuación e as achegas realizadas polo resto do persoal, a Comisión de Autoprotección elaborará un informe do simulacro, no que se deixará constancia dos resultados, a valoración do exercicio e as melloras que deberían ser introducidas no sistema de seguridade. Enviarase copia do informe ao Xefe Territorial da Consellería de Educación.





Plan Anual de Lectura

Curso 2023/2024



CEP "Doutor Fleming"




ÍNDICE

- 1. OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN**
- 2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.**
- 3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.**
- 4. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS:**
 - a. Actividades na hora da biblioteca ou na Hora de ler*
 - b. Actividades de lectura compartida (apadriñamentos lectores, lectura en parella....)*
- 5. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.**
- 6. ITINERARIOS LECTORES.**
- 7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:**
 - a. Proxectos documentais integrados, programas de formación de usuarios, campañas de lectura.*
 - b. Actividades puntuais: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións.*
 - c. Recursos e materiais*
- 8. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.**
- 9. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN**

OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN.

Como desenvolvemento do Proxecto Lector do centro, elaboramos un Plan Anual de Lectura no que concretamos as actuacións que pretendemos realizar coordinadamente ao longo do curso para conseguir os obxectivos propostos en dito proxecto. Cómpre recordar que este documento recolle todas as intervencións do Centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas así como á adquisición das competencias básicas do alumnado.

**OBXECTIVOS:**

- Fomentar o hábito lector en todos os soportes e en todos os contextos.
- Traballar a lectura conxuntamente coa expresión oral e escrita.
- Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal que debe ser traballada xunto ás diferentes técnicas de estudo para que o alumnado mellore a súa aprendizaxe.
- Adaptar os recursos informativos ás distintas necesidades.
- Integrar os recursos da biblioteca nos currículos das diferentes materias.
- Formar lectores e favorecer a adquisición das competencias básicas que permitan ao alumnado enfrontarse ás esixencias do mundo escolar e ao seu futuro social e laboral.
- Implicar ás familias, apoiando e axudando ao profesorado no seu labor.

A consecución destes obxectivos pretenden converter a biblioteca escolar nun instrumento fundamental para o desenvolvemento e o éxito do programa de promoción da lectura (Proxecto

Lector), no centro de referencia de recursos de lectura, información e aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

1. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPO PARA A LECTURA.

O noso alumnado ten a súa disposición unha serie de **lugares ou espazos** de lectura:

- Biblioteca Escolar: dispón de materiais de carácter informativo e de ficción en distintos soportes seleccionados en función do alumnado, da etapa, as áreas, o Proxecto Lector e o Plan Anual. Trátase dun espazo de lectura compartida, de traballo de investigación e libre.
- Aula: dispón de materiais de carácter informativo ligados a tarefas planificadas e tamén libros de ficción. É outro espazo de lectura compartida.

En canto á **organización do tempo** para a lectura no Centro:

- Hora de Ler: ás 11:55 horas.
- Hora semanal na biblioteca.
- Varias sesións programadas ao mes, no recreo, para o alumnado dos clubs de lectura.

2. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

a) En relación coa organización e xestión:

- Adquisición e rexistro de novos fondos seguindo a liña iniciada no curso 2008-09.
- Expurgo.
- Traballo de enfermería de libros.
- Préstamo de libros feito polo profesorado titor e/ou o alumnado axudante.
- Horario de apertura da biblioteca: de 9 horas a 14 horas; como medida de compensación social, o alumnado poderá acceder á biblioteca polas tardes para facer préstamo.
- Planificación das actividades.

b) En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

- Reunión a principio de curso co profesorado (sobre todo o de nova incorporación) para dar a coñecer os recursos da biblioteca e as súas posibilidades.
- Actualización dos recursos da biblioteca e recollida das inquiredanzas ou necesidades cara ao enriquecemento do currículo, hora de ler, traballo de comprensión lectora, dinamización, proxecto anual de centro...
- Información a través do blog.
- “Maletas Viaxeiras” para todos os niveis con materias en distintos soportes sobre as ciencias sociais e da natureza.
- Participación nas conmemoracións destacadas.
- Educación documental centrada nos temas do currículo escolar, pensado tanto para ampliación como para o reforzo, e para todos os temas propostos dende a biblioteca en colaboración coas titorías e outras dinamizacións así como do proxecto de centro (**A máquina do tempo**).
- Adaptación das actividades para cada nivel contribuíndo ao desenvolvemento de competencias básicas.
- Reforzo da figura de axudante de biblioteca e profesorado de garda neste lugar.

c) En relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (educación documental)

- **Formación de usuarios**, focalizado no comezo do curso, empregando os materiais TIC elaborados en anos anteriores. Esta formación é básica tanto para alumnado como profesorado, para poder manexarse de xeito autónomo e localizar tanto os libros de lectura que están organizados por temas como o resto dos fondos documentais, que seguen unha CDU moi clara e con cores que facilita a pescuda. Presentarase o espazo da biblioteca ao alumnado novo e as normas.
- Funcionamento do **Koha** para empréstimo e búsqueda dos recursos dispoñibles do centro, que están de xeito permanente na biblioteca ou noutras dependencias.
- **Desenvolvemento das capacidades** que permiten ás persoas recoñecer cando necesitan información, buscala, xestionala, avaliala e comunicala de forma adecuada. O que se coñece como competencia informacional.

d) En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.

- Adquiriranse fondos axeitados ás diferentes idades, intereses e necesidades do alumnado.
- Este curso volveremos a facer os clubs de lectura en 4º, 5º e 6º de primaria.
- Fomentaranse os itinerarios lectores en todos os niveis.
- Manteranse as mochilas viaxeiras que viaxan ata as casas do noso alumnado.
- Enviaranse os boletíns con recomendacións lectoras.
- Proporanse pequenos retos mensuais que impliquen a lectura e a expresión escrita.
- Promoverase o uso da biblioteca como espazo para o traballo en equipo no ámbito documental.
- Diseñaranse e coordinaranse desde a Biblioteca do Centro actividades de animación lectora, quedadas literarias con outros centros e encontros con autores/as.
- Realizarase un seguimento de todas as actividades que poñan en marcha as titorías e dinamizacións, para valorar o efecto conxunto sobre a lectura.
- Traballarase no proxecto de Centro para o curso: *A máquina do tempo*.
- Tratarase de implicar ás familias no desenvolvemento e seguimento das distintas actividades.

3. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS:

a) Actividades na hora da biblioteca ou na Hora de ler.

- “Hora de Ler”: lectura silenciosa de libros prestados pola biblioteca do centro, aula ou do propio alumnado, lectura colectiva en voz alta sobre textos seleccionados na titoría (itinerarios lectores), lectura libre...
- Hora de Biblioteca: lecturas de diferentes estilos de textos ligados ás conmemoracións ou semanas organizadas dende a biblioteca; actividades de organización, procura de libros e información, alfabetización informacional e mediática; formación de usuarios; préstamo; actividades de consulta e visualización do blog da biblioteca...

b) Actividades de lectura compartida (apadriñamentos lectores, lectura en parella....)

- Apadriñamentos lectores: na Quincena do Cómic e no Día do Libro.
- Clubs de lectura. Lecturas compartidas durante o recreo.
- Lectura nas diferentes áreas: lectura e escritura en textos dos diferentes ámbitos das áreas escolares e razoamento e expresión oral-escrita sobre as actividades propostas polo profesorado; manexo de estratexias e técnicas de estudo.

4. RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.

- Mestres titores e especialistas.

Equipo de Biblioteca: M^a Hermesinda González Díaz, Elena González Domínguez, M^a Jesús Díaz Blanco, Pablo Alonso Prieto, Jesús Novás Fernández, Inés Pérez Álvarez, Lorena Mosquera Losada, Pili Barros Dapena, Olalla Mella Gabarri.

- Persoa responsable da Biblioteca Escolar: Laura Comesaña Pena.

5. ITINERARIOS LECTORES.

Un dos aspectos do Proxecto Lector que cómpre mimar é a selección de títulos para os diversos itinerarios lectores. Este curso, desde a Biblioteca do Centro, se facilitarán as coleccións apropiadas ás distintas idades para que as aulas poidan desenvolver esta actividade:

- 1º e 2º curso de Educación Primaria:
 - ☞ “A pinga da choiva”
 - ☞ “El gato chino”
 - ☞ “O rato que lle puxo o cascabel ó gato”
 - ☞ Leo-Leo “Clase verde en el planeta”
 - ☞ “Cuentos para los más pequeños”
 - ☞ “Juanito no quiere el potaje”
 - ☞ “Se vende garbanzo”
 - ☞ “La tia Clío y la máquina de escribir”
 - ☞ “La llave llorona”
- 3º e 4º curso de Educación Primaria:
 - ☞ “Chamizo”
 - ☞ “Los negocios del Señor D. Gato”
 - ☞ “El abrazo del Tentáculo”
 - ☞ “6 Historias para detectives”
 - ☞ “Down”
 - ☞ “O capitán maimiño”
 - ☞ “Lúa en ningures”
 - ☞ Alma de elefante
- 5º e 6º curso de Educación Primaria:
 - ☞ Abadazad “El viaje de Kate”

- ☞ “La noche del sacrilegio”
- ☞ “O misterio das badaladas”
- ☞ “Mil cousas poden pasar”
- ☞ “Ás de mosca para Anxo”
- ☞ “La venganza del profesor de matemáticas”
- ☞ “O carteiro de Bagdag”
- ☞ El joven Pope “El reloj de la muerte”
- ☞ “Abdel”
- ☞ “El señor de las estrellas”
- ☞ A memoria dos pingüíns

6. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

a) Proxectos documentais integrados, programas de formación de usuarios, campañas de lectura.

1º TRIMESTRE	
Plan Anual de Lectura. Proxecto Lector. Revisión e actualización dos itinerarios lectores. Renovación e posta en marcha das “Mochilas Viaxeiras”. Supervisión dos materiais das “Maletas Viaxeiras”. Formación sobre o Koha e a biblioteca para o novo profesorado. Creación dos novos carnés. Catalogación. Expurgo. Organización dos clubs de lectura. Reunións dos clubs de lectura para o alumnado participante.	Setembro
Probas de comprensión lectora (3º e 5º Educación Primaria). Formación de usuarios: alumnado; axudantes de biblioteca.	Outubro
Boletíns con recomendacións lectoras. Exposicións temáticas de libros.	Novembro Decembro
2º TRIMESTRE	
Exposicións temáticas de libros e xornais. Scrabble	Febreiro Marzo
3º TRIMESTRE	
Boletín con recomendacións lectoras	Xuño

ANUAIS	
Clubs de lectura. Itinerarios lectores Maletas Viaxeiras Mochilas Viaxeiras Retos mensuais (expresión escrita) Colaboración co EDNL: O Faro do Fleming Contacontos a cargo do propio alumnado. Preparación do proxecto “A máquina do tempo”.	Todos os trimestres

b) **Actividades puntuais: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións.**

1º TRIMESTRE	
Samain	Outubro
Quincena do cómic.	Novembro
2º TRIMESTRE	
Día de Rosalía	Febreiro
Semana matemática.	Febreiro-marzo
Semana da prensa	Marzo
3º TRIMESTRE	
Mes do libro. Apadriñamentos lectores.	Abril
Quedada Literaria con outros centros	Abril/Maio
Letras Galegas	Maio
Presentación do proxecto anual	Maio-xuño

DATAS PENDENTES DE CONCRETAR
Encontros cos autores/as dos libros lidos nas titorías

7. LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

- Lembrar a frase de Pennac “**O verbo ler non soporta o imperativo**”, polo que haberá que ser moi hábil dende a casa para facer do alumno/a un perfecto lector... Cinco aspectos básicos para conseguilo:
 - ☞ Contaxiemos o hábito de ler.
 - ☞ Respectar as súas eleccións.
 - ☞ Aproveitar as datas.
 - ☞ Acompañar durante todo o proceso escolar a lectura.
 - ☞ Pedir consello.

Cómpre abordar o tema da lectura xa na reunión xeral de tutoría, a comezo de curso, para que as familias tomen conciencia da importancia de ser modelos de conduta neste aspecto.

- Continuación das “**Mochilas viaxeiras**”, actividade que implica un compromiso por parte das familias no coidado do material, no tempo de devolución, na valoración... á vez que supón un tempo compartido entre os membros da mesma.
- “**HORA DE LER**” tamén na casa.
- **Proxecto anual**: as aportacións e colaboracións por parte das familias son fundamentais para o seu correcto desenvolvemento.
- Seguimento en familia das actividades e suxestións que van aparecendo no blog da biblioteca: <http://xiralibronofleming.blogspot.com/>
- **Implicación do contorno**: invitar ao nivel de 5 anos do centro educativo EEI Vilalaura no mes do libro para que coñezan a biblioteca e asistan a algunha actividade; traballar co IES do Castro, en algunha actividade da semana das Letras Galegas.

8. **SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

A avaliación será permanente ao longo de todo o proceso, introducíndose as modificacións que sexan pertinentes co fin de garantir o mellor funcionamento posible de todas as actividades. Con todo, levaranse a cabo tres avaliacións:

a) Avaliación inicial:

- Da formación de usuario.
- Da comprensión lectora nos cursos de 3º e 5º Educación Primaria.

b) Avaliación trimestral:

- Seguimento dos obxectivos fixados.
- Grao de satisfacción no desenvolvemento das actividades mediante enquisas.

c) Avaliación final:

- Grao de cumprimento dos obxectivos fixados no presente plan.
- Grao de satisfacción no desenvolvemento das actividades.
- Uso e organización da biblioteca.
- Valoración dos fondos da biblioteca.
- Das melloras acadadas na comprensión lectora.
- Fomento da lectura.
- Valoración da hora de ler.
- Implicación das familias e do entorno.
- Aspectos a mellorar.

Fomentarase a participación do alumnado e do resto do profesorado mediante **a caixa de suxestións** e coa inclusión nas ordes do día nas **reunións de niveis** de aspectos avaliativos con respecto ao funcionamento da biblioteca. Tamén se difundirán as **novas na folla de planificación semanal do centro**.

Por último, sinalar algúns **indicadores** que se terán en conta á hora de valorar o funcionamento e aceptación da comunidade deste programa de actividades:

- Número de préstamos realizados pola biblioteca ao alumnado.
- Número de préstamos realizados ao profesorado.
- Calidade dos traballos realizados como froito das tarefas de investigación.
- Implicación nas distintas actividades da biblioteca.



PROXECTO : *A máquina do tempo*



Como nos cursos anteriores, dende o Equipo de Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega e Tics, propoñemos un tema para traballar este curso. O proxecto deste ano é *A máquina do tempo*.

Os **obxectivos** que pretendemos son:

- Utilizar diferentes fontes de información directas e indirectas ou as TICs .
- Coñecer as diferentes épocas e culturas.
- Valorar a cultura, a historia e o patrimonio cultural galego coma unha forma de coñecemento e ocio persoal.
- Identificar cambios no modo de vida actual.
- Valorar a existencia doutras culturas.
- Coñecer as profesións que xa non existen.
- Favorecer os conceptos espaciais.
- Recoñecer músicas doutras culturas e épocas históricas e obras de arte.
- Concienciarse da importancia do cambio climático.
- Valorar os grandes inventos científicos.

Propoñémosvos o seguinte **plan de traballo**:

1º: ELIXIR O LUGAR.	Ideas previas. Sabemos que é uha máquina do tempo? A que época gustaríanos viaxar? Ou preferimos centrarnos nun aspecto do pasado ou do futuro? O interesante sería que non todas as aulas escollan o mesmo tema. Podedes traballar unha época, unha cultura determinada, civilización, como eran os transportes antigos, os oficios, a música, a arte, especies extinguidas...
2º: INVESTIGAR.	Toca investigar sobre o tema escollido. Se precisades algún material ou bibliografía, comunicádeo a estes equipos.
3º: PRESENTAR O TRABALLO.	Os traballos deberán estar rematados para o 20 de maio . O formato de presentación é libre (papel, cartolinas, dixital, vídeos, audios...). O obxectivo é que tod@s poidamos desfrutar dos materiais elaborados.

Isto é unha proposta, pero podedes adaptar, cambiar e engadir o que consideredes!

Animámosvos a que desde as **especialidades** (dado que o tema proposto é moi amplo) colaboredes con alguna actividade: xogos tradicionais, cancións e danzas...

Equipo de Biblioteca , Dinamización da Lingua Galega e Tics

PLAN ANUAL

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

C.E.P. DOUTOR FLEMING

CURSO ESCOLAR 2023-2024

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN

2. MARCO LEGAL

3. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.1 COMPOSICIÓN

3.2 COORDINACIÓN

3.3 ÁMBITO DE INTERVENCIÓN

3.4. ORGANIZACIÓN DO D.O.

3.5. HORARIO XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

4. OBXECTIVOS

4.1.XERAIS

4.2.ESPECÍFICOS

5. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

6.1. CONCRECIÓN PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

7. ACTUACIÓNS do D.O. E TEMPORALIZACIÓN

8. SEGUEMENTO

9. AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN / XUSTIFICACIÓN

A Orientación Educativa é un proceso contínuo e sistemático de axuda a todo o alumnado, que ten carácter preventivo, promove o seu desenvolvemento integral e se realiza mediante a colaboración entre diferentes profesionais e axentes.

Os **principios** que guían a intervención orientadora son os **principios psicopedagóxicos de prevención**, desenvolvemento e intervención social. E, os principios deontolóxicos aprobados pola COPOE en novembro de 2015 : Respecto aos dereitos fundamentais, confidencialidade, formación e actualización, rigor e transparencia, compromiso coa desvantaxe socioeducativa, coherencia ética e persoal , e traballo en equipo e en redes de coordinación.

O concepto de orientación enténdese como as actuacións que se desenvolven dentro da actividade educativa, tendo en conta contexto socio-cultural do alumnado. Consistirá nun proceso de análise e tratamento de situacións educativas, baseándose na axuda e asesoramento a toda a comunidade educativa. Este proceso, para ser eficaz, ten que ser **sistemático, planificado e asumido por todos** (D.O., equipo directivo, profesorado, familias, etc.). Non debemos esquecer, así mesmo, que **a orientación e a acción titorial son intrínsecas á práctica pedagóxica de todo docente.**

Esta atención educativa debe garantirse desde as primeiras idades, para permitir a prevención e detección temperá das dificultades tanto no desenvolvemento persoal como na aprendizaxe, realizando o seguimento continuado da súa evolución.

O Departamento de Orientación debe constituir e garantir, dentro do Centro Escolar que a orientación forma parte esencial da actividade educativa e de que establece unha vía de asesoramento permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias mediante un plan de actuación común entre os diferentes profesionais. Así enténdese a orientación como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comenza coa escolarización do alumnado e remata, no noso caso, á finalizar a etapa de educación primaria. Este proceso integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, ao proceso de ensino-aprendizaxe, a toma de decisións e a función titorial que mediante estratexias de colaboración facilite a mediación entre os intereses e demandas do alumnado.

As actuacións de Orientación Educativa levaranse a cabo en tres niveis:

- Aula : Acción Titorial

- Centro: Departamento de Orientación
- Sistema Educativo : Servizos Externos (Equipos de Orientación Específicos)

2. MARCO LEGAL


O Departamento de Orientación do CEP Doutor Fleming nace como resultado da **Orde do 24 de xullo de 1998** (DOG do 31 de xullo) pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo **Decreto 120/1998** que desenvolve no seu artigo primeiro a configuración dos servizos de orientación internos, mediante os departamentos de orientación, e externos mediante os Equipos de Orientación Específicos de ámbito provincial.


Na mesma orde, do 24 de xullo de 1998, no capítulo II (sección segunda) **artigo 9º** establece a composición dos departamentos de orientación dos colexios de educación primaria e no **artigo 14º** determina a elaboración e a estrutura do plan de orientación a realizar por ditos departamentos.


As actuacións que se levan a cabo para o alumnado con NEAE regúlanse na **Orde do 8 de setembro de 2021**, pola que se desenvolve o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade.

A **BASE LEXISLATIVA** que sustenta o Plan de Orientación é a seguinte:


 **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, LOMLOE.**


 **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación, LOE.**


 **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.


 **Orde do 8 setembro de 2021**, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.


 **Decreto 155/2022 do 15 de setembro** que desenvolve o currículo de E. Primaria


-  **Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022,e se desenvolve a avaliación na Educación Primaria**


-  **Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro**, pola que se describen as relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación e obxectivos de E. Primaria, Secundaria e Bacharelato.


-  **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

-  **Orde 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, do 23 de abril.

-  **Circular 10/2010** Da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar actuacións e establecer accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa.

-  **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros de educación infantil e de educación primaria.

-  **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria.

-  **Protocolos** específicos para: dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, discapacidade auditiva, discapacidade intelectual, TEA, TDAH,...

3. ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3.1 COMPOSICIÓN

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

MEMBROS	CARGO
M ^a Luján Pérez Estévez	Xefa do Departamento de Orientación
Rocío Conde Codesido	Especialista en PT, atención preferente
José Manuel Casal Penedo	Especialista en PT, atención preferente
Nerea Fernández Freire	A.L. (Compartida co CEIP ILLAS CÍES)
M ^a Constantina Caride Álvarez	Especialista en PT
Ana M ^a Fernández Alfaro	Especialista en PT
Helen García Carrasco	Especialista en PT
M ^a Noelia Mariño Baz	Especialista en AL
Alba Domínguez Martínez	Coordinadora 3º Ciclo
Pilar Rodríguez	Coordinadora 2º Ciclo
Pilar Martínez	Coordinadora 1º Ciclo

No actual curso escolar contamos con tres profesoras especialistas de PT (unha delas ocupa o cargo de secretaria do centro), dous especialistas de PT de atención preferente e dúas especialistas de AL . Sendo unha delas a directora do centro e outra a tempo compartido co CEIP Illas Cíes.

3.2 COORDINACIÓN

O Departamento de Orientación mantén unha dobre coordinación:

- **Interna** coa Xefatura de Estudos, Profesorado Titor e Equipos Docentes.
- **Externa** co I.E.S. “O Castro”, ao que están adscritos o alumnado do Centro; coa E.E.I. Villalaura, da que procede a maioría do alumnado que vai a cursar a etapa de

educación primaria; co Equipo de Orientación Específico; Equipo de Infancia (Concello de Vigo), cos Servizos Sociais, Servizo de Menores, Servizos do Sergas, Cáritas, Secretariado Xitano, Cruz Vermella e coas entidades, sen ánimo de lucro, que teñen asinado convenio de colaboración coa Consellería de Educación co fin de mellorar a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

3.3 ÁMBITO DE INTERVENCIÓN

O Departamento de Orientación do noso Centro, considera que debe intervir nos seguintes ámbitos:

- Prevención
- Atención temperá
- Intervención
- Asesoramento e seguimento
- Acompañamento

3.4. ORGANIZACIÓN DO D.O.

- REUNIÓN DO DEPARTAMENTO

As reunións do Departamento de Orientación realizaranse, como mínimo, unha vez ao trimestre. En ditas reunións realizarase o seguimento deste Plan anua, así como do seguimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade. Realizando unha valoración dos mesmos, e establecendo as modificacións que se consideren pertinentes para adaptalos as necesidades e demandas que poidan ir surxindo o longo do curso escolar. Ditas reunións celebraranse, previa convocatoria, os **venres ás 13:10 horas na aula titoría de Inglés**.

As reunións do Equipo de Orientación (Profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, profesorado especialista en Audición e Linguaxe e a Xefa do Departamento de Orientación) realizaranse, como mínimo, dúas veces ao mes, os venres ás 13:10 **na aula do Departamento de Orientación**. En ditas reunións realizarase o seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a realización ou modificación de programas de intervención e a necesidade de mercar material específico así como cuestións de tipo organizativo.

Nas reunións do Departamento de Orientación redactarase unha acta.

Os martes pola tarde de 16:00 a 17:00 dedicarase a atención as familias. A Xefa do Departamento de Orientación dedicará tamén os luns, mércores e venres de 9:00 a 10:00 horas para atención das familias que non poidan acudir a tarde dos martes.

A coordinación da Xefa do Departamento de Orientación co Profesorado Titor, Equipo Docente, profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e o profesorado especialista en Audición e Linguaxe do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, **realizarase en reunións convocadas pola Xefa de Estudos**. A información do alumnado será recollida pola Xefa do Departamento de Orientación nas fichas de seguimento quedando gardadas na carpeta que o alumnado ten en dito Departamento. En ditas reunión analizaranse os resultados obtidos polo alumnado que recibe algún tipo de reforzo educativo ou ten unha adaptación curricular significativa para realizar as propostas de mellora naqueles casos que non vaian acadando os obxectivos previstos.

A temporalización de ditas reunións de seguimento do alumnado, tanto de necesidades específicas de apoio educativo como de reforzo educativo, cos titores e demais profesores implicados no proceso de aprendizaxe será establecida pola Xefatura de Estudos.

- **ORZAMENTO** : O D.O. conta cun orzamento xestionado dende a secretaría, o cal adícase á adquisición dos recursos materiais necesarios para o bo funcionamento do Departamento.
- **CONFIDENCIALIDADE:** Para garantir a custodia e a consulta de documentos que conteñan datos persoais con un especial grao de protección, sexa porque foran elaborados polo propio departamento ou custodiados polo mesmo(Informes Psicopedagóxicos, ditames de escolarización, documentación de Adaptacións Curriculares, Informes médicos,...etc), éstos permanecerán no arquivo do departamento de orientación. No expediente académico do alumno-a ubicado na secretaría do centro, incorporárase unha folia de cor na que aparecerá escrito: “Este alumno-a conta con documentación no Departamento de Orientación. Non se debe dar traslado do expediente a outro centro sen incorporar os documentos custodiados no D.O” . Con este procedemento garantimos o cumprimento do punto 6.2.3. do Protocolo de protección de datos persoais e de identidade persoal (Consellería de educación-2016).

3.5. HORARIO XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 9:50	Atención ás familias	Avaliación Psicopedagóxica	Atención ás familias	Avaliación Psicopedagóxica	Atención ás familias
9:50	Avaliación Psicopedagóxica	Avaliación Psicopedagóxica	Avaliación Psicopedagóxica	Avaliación Psicopedagóxica	Avaliación Psicopedagóxica

PLAN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

10:40					
10:40 11:30	Avaliación Psicopedagóxica	Tarefas Orientación	Avaliación Psicopedagóxica	Tarefas Orientación	Avaliación Psicopedagóxica
11:30 11:55	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación
11:55 12:20	Comunicación co profesorado titor	Comunicación co profesorado titor	Comunicación co profesorado titor	Comunicación co profesorado titor	Comunicación co profesorado titor
12:10 13:10	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación
13:10 14:00	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación	Tarefas Orientación	Reunión Departamento de Orientación

4. OBXECTIVOS

Tendo en conta a realidade do noso Centro, centro de inclusión e de atención á diversidade, entendemos que os obxectivos que deben guiar a actuación do noso Departamento de Orientación son os que seguen:

4.5. XERAIS

- Continuar coa inserción do Departamento de Orientación no conxunto da comunidade educativa e no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Asesorar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade proporcionando estratexias de intervención que permitan unha optimización dos recursos existentes.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de Altas Capacidades que presente o alumnado.
- Asesorar e promover a acción titorial do profesorado, familias e alumnado así como a colaboración centro-familias, deseñando accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativos do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado.
- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa vixente e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Colaborar e participar nos procedementos de prevención e corrección das condutas que afecten a convivencia do centro.
- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar, adecuadamente, os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de curso, de etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servicios ou institucións no ámbito das súas competencias.

4.6. ESPECÍFICOS

a) En relación co alumnado:

- Asesorar nos mecanismos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos e alumnas, a fin de acomodar, adecuadamente, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación e promoción.
- Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemático.
- Colaborar na busca de recursos para a educación en valores/ e emocional.
- Facilitar estratexias e instrumentos destinados a que o cambio de etapa ou cambio de centro, se realice da forma menos traumática posible.
- Facilitar a iniciación e adquisición progresiva de técnicas de estudo e hábitos de traballo.
- Promover o traballo compartido e colaborativo, a experimentación e a creatividade
- Axudar ao alumnado no proceso de autoconecemento, autocontrol e na adquisición nuns valores democráticos, de respecto e colaboración.
- Promover actuacións destinadas á solución pacífica dos conflitos e á adquisición de habilidades sociais.

b) En relación co profesorado:

- Centralizar no Departamento de Orientación toda a información referente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar na organización da atención á diversidade do alumnado.
- Asesorar ao profesorado nos recursos e material pedagóxico para a atención á diversidade.
- Cooperar na planificación de programas transversais que permitan recoller, integrar e enriquecer o bagaxe cultural do diverso alumnado do centro.
- Colaborar no desenvolvemento do plan de acción tutorial.
- Asesorar e colaborar no seguimento de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como na realización de programas de intervención.
- Colaborar na avaliación das necesidades do Centro, relacionadas coa atención á diversidade, e informar sobre as mesmas ao Equipo Directivo.
- Colaborar, coa Xefatura de Estudos, na coordinación entre titores, o profesorado de apoio (con dispoñibilidade horaria) e os especialistas de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe que atenden ao alumnado con neae.
- Colaborar na coordinación entre o noso Centro e os adscritos: a E.E.I. Villalaura, e o I.E.S. do Castro.
- Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares significativas.
- Asesorar e colaborar na atención do alumnado con problemas de conduta.

c) En relación ás familias:

- Asesorar ás familias nos momentos en que atopen algunha dificultade no desenvolvemento educativo dos seus fillos e fillas.
- Fomentar a participación e colaboración das familias no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- Fomentar nas familias unha actitude reflexiva cara os temas educativos, que os leve a unha crítica construtiva das propias actuacións cos seus fillos e fillas.

d) En relación ao conxunto da comunidade educativa:

- Cooperar na organización da acollida para o alumnado que se incorpora por primeira vez ao sistema escolar ou a noso centro.

- Asesorar a totalidade da comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas que cómpre adoptar e na súa avaliación.
- Establecer relacións de colaboración cos equipos docentes e demais servizos educativos do Centro.
- Atender as demandas da comunidade educativa.
- Establecer canles de colaboración cos servizos e entidades que poidan axudar á mellor integración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: Equipo da Infancia do Concello, Servizos Sociais, Tutelar de Menores, Cruz Vermella, Cáritas, etc.

5. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Tendo en conta a realidade do noso centro, e a lexislación vixente, a labor de orientación seguirá as liñas prioritarias de actuación establecidas pola **Circular 10/2010, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa** pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Para este curso escolar **2023-2024**, serán as seguintes:

Relacionadas coa inclusión e á diversidade:

- Asesorar ao Equipo Directivo sobre as medidas de atención á diversidade e acción tutorial e revisións destes Plans.
- Colaborar no deseño de programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- Asesorar aos profesores tutores, equipos docentes e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares significativas.

- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Relacionadas coa acción tutorial:

- Colaborar co profesorado tutor no desenvolvemento das medidas contempladas no Plan de Acción Tutorial, asesorando á totalidade da comunidade educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, o cambio de centro...
- Colaborar cos distintos equipos docentes no deseño e na elaboración de protocolos para a realización da avaliación inicial do alumnado.

Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores:

- Diseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos, asesorando na elaboración e revisión do plan de convivencia do centro.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que fomenten a tolerancia e a mellora da convivencia.
- Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das normas de organización e funcionamento.
- Colaborar na posta en práctica de estratexias e programas que potencien a educación Emocional e as Habilidades sociais .

Relacionadas co Plan de Orientación, co Plan Anual e coa Memoria de fin de curso:

- Manter actualizado o Plan de Orientación, concretar no Plan anual do Departamento de Orientación as actuacións previstas para o presente curso escolar, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.
- Realizar a Memoria final do curso escolar en base ao desenvolvemento do Plan Anual cunha axeitada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso escolar seguinte.

Relacionadas co drdorienta:

- Facilitar, en forma e prazo, a información que se demande na aplicación informática drdoriente.

6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Se a fundamentación teórica que compartimos no noso Centro se sitúa nun traballo colaborativo, compartido e na necesidade dunha intervención conxunta, nun ensino de calidade que desenvolva as potencialidades de todos e cada un dos alumnos e alumnas; é necesario que enmarquemos as actuacións do Departamento de Orientación seguindo as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e tendo en conta a Programación Xeral Anual, os Proxectos Educativos do Centro así como o **Plan de Atención á Diversidade** e o **Plan de Convivencia**.

Sendo esa a dimensión na que se concibe este Plan de Orientación entendemos que existen unas estratexias de intervención que debemos aplicar:

- ✓ Manter **estreitas relacións co profesorado titor**, posto que é o titor o responsable do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe do alumnado da súa titoría, así como do coñecemento do seu desenvolvemento persoal.
- ✓ Canalizar toda a información e actuacións do alumnado co profesorado titor como responsable da súa titoría e especialmente a do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ **Solicitar a colaboración do profesorado titor para a recollida de información de aspectos relevantes** do comportamento do alumno, do estado emocional, do proceso de aprendizaxe, do ámbito socio-cultural e familiar que poidan ser importantes para a valoración que do alumnado realice o Departamento de Orientación.
- ✓ **Establecer reunións de traballo** co profesorado titor, os equipos docentes e o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe para seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e do alumnado que recibe reforzo educativo.
- ✓ **Establecer reunións co profesorado titor para atender as demandas que xurdan na súa titoría** e establecer medidas de prevención.
- ✓ Elaborar pautas de traballo individuais ou colectivas para aplicar programas específicos de intervención.

- ✓ **Recoller información e realizar as valoracións psicopedagóxicas** naqueles casos que se consideren oportunas, despois de escoitar aos titores, equipo docente, familia e outros profesores que inciden na educación da alumna ou alumno.
- ✓ Facilitar a consulta de aspectos concretos dos informes que se custodian no Departamento de Orientación ao profesorado titor, equipo docente e a familia (respectando a confidencialidade segundo a lexislación vixente), para establecer as pautas de actuación e colaboración entre todos os implicados no proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna.
- ✓ **Realizar reunións de seguimento co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe** sobre o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ **Establecer reunións coa Xefatura de Estudos** para colaborar na organización, integración e asesoramento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e do alumnado doutras nacionalidades e culturas ou de incorporación tardía ao sistema educativo español.
- ✓ **Establecer contactos permanentes coas familias**, durante o curso escolar, para o seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- ✓ **Informar ás familias** dos resultados das probas aplicadas e das necesidades psicopedagóxicas dos seus fillos e recomendar, si é o caso, as pautas a seguir.
- ✓ Facilitar a inclusión do alumnado N.E.A.E na súa aula e no conxunto da dinámica escolar utilizando a metodoloxía descrita na LOMLOE e seguindo a lexislación vixente con respecto á atención á diversidade.
- ✓ Colaborar no proceso de avaliación do alumnado tendo en conta a súa situación persoal e socio-familiar e tendo en conta a repercusión desta no seu proceso de aprendizaxe.

6.1. CONCRECIÓN PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é “o conxunto de medidas e accións organizativas e curriculares que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado” (Art. 3 do Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade).

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro e na Orde de 8 de setembro de 2021, que regulan a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, recóllese que ao inicio de cada curso escolar, os departamentos de orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que formará parte da programación xeral anual. Esta concreción realízase en función das necesidades educativas presentadas polo alumnado e co obxectivo educativo de conseguir que éste acadе o máximo desenvolvemento persoal e social posible. Isto require que se lle facilite unha educación adaptada á súa singularidade, que se lle garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se ofrezca os recursos necesarios, tanto ao alumnado como ao centro onde estean escolarizados. Atendendo ao citado decreto e a orde, e baseándonos no contexto sociocultural no que se atopa o C.E.P. Dr. Fleming, concretamos o noso plan anual cun conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado e tamén as motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todos eles.

- **IDENTIFICACIÓN ALUMNADO N.E.A.E**

Seguindo a ORDE DO 8 DE SETEMBRO DE 2021, pola que se desenvolve o **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade no seu **Artigo 6** adicado ao **Alumnado con necesidade específica de apoio educativo**, e de conformidade co artigo **71.2 da LOM-LOE**, enténdese por alumnado con n.e.a.e. aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar **necesidades educativas especiais**, por **trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación**, por **trastornos de atención ou de aprendizaxe**, por **descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe**, por **vulnerabilidade socioeducativa**, polas súas **altas capacidades intelectuais**, por **terse incorporado tarde ao sistema educativo** ou por **condicións persoais ou de historia escolar**..

Enténdese por alumnado que presenta **necesidades educativas especiais**, aquel que **afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe**, **derivadas de discapacidade ou de trastorno grave de conduta, da comunicación e da linguaxe**, por un período da súa escolarización ou al longo de toda ela, e que require

determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de apredizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

No mes de setembro realizaranse as avaliacións iniciais, que servirán de punto de partida para o inicio de accións que leven a establecer medidas de atención en base ás necesidades detectadas. Facendo un seguemento daquel alumnado que xa foi valorado polo Departamento de Orientación en cursos pasados. Prestarase especial atención ao alumnado de nova incorporación á Etapa de E. Primaria, facendo unha valoración a partir dos documentos que proceden do Departamento de Orientación do centro adscrito EEI Vila Laura . A partir da avaliación inicial, as persoas titoras determinarán aquel alumnado que necesitará ser valorado polo Departamento de Orientación, para o cal presentará a dito departamento o documento de solicitude de valoración seguindo o protocolo do D.O. que forma parte do PXAD (Plan Xeral de Atención á Diversidade).

Tan pronto como sexan detectadas necesidades tomaranse as medidas de atención á diversidade establecidas na Orde.

Son MEDIDAS ORDINARIAS aquelas que facilitan a adecuación ao currículo sen alteración significativa de obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto sociocultural e ás características do alumnado.(**Art. 42**). No noso centro levaranse a cabo as seguintes:

